



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-17

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

10 de Outubro de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:15

Hora de Finalización

09:36

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 28.09.2023 (ACTA 2023/16)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 25 DE SETEMBRO DE 2023 DE AXUDAS E SUBVENCIONS DE FOMENTO DO EMPREGO PARA A CONTRATACION DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (TR351B).

O Sr. alcalde, pasa a dar conta ós presentes da Orde do **25.09.2023**, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se convocan subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local por parte das entidades locais; así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto da obra ou servizo para a que se solicita subvención, a saber: **Prórroga do Servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.**

SEGUNDO: Aprobar a prórroga da contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, acordándose aplicar á traballadora contratada o salario reflectido na seguinte táboa:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Salario bruto mensual	Cotiz. empresarial S.S. mensual	Ttotal salario + Seg. Social	Custo bruto anual	Subvencion solicitada
3.167,32	1.015,11	4.182,43	50.189,16	12.547,29

TERCEIRO. Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde da devandita Consellería de data **25 de setembro de 2023**, o financiamento dos gastos salariais correspondentes para a prórroga da contratación do servizo de AEDL deste Concello de Castrelo do Val.

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

QUINTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

3º. CERTIFICACION NUM. 1 DA OBRA "AGLOMERADO ASFALTICO EN RÚA O CARBOEIRO, EN CASTRELO DO VAL", DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2023-2024, (OBRA PM23-0223).

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)**, de data **17 de xullo de 2023**, dentro do **Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024 Plan Marco**, para a obra "**Aglomerado asfáltico en Rúa O Carboeiro en Castrelo do Val**" (Expte. PM23-0223, código de procedemento MR701E)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra denominada "**Aglomerado asfáltico en Rúa O Carboeiro en Castrelo do Val**", do **Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024**, cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **18.800,00 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Aglomerado asfáltico en Rúa O Carboeiro en Castrelo do Val**", do **Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024**), cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **18.800,00 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; consecuentemente, **aprobar a factura núm. 23-060 de Desenvolvemento Inmobiliarios Orensanos (Dinor) S.L. de data 09.10.2023** correspondente á devandita certificación núm. 1, liquidación da obra "**Aglomerado asfáltico en Rúa O Carboeiro en Castrelo do Val**", por importe de **18.800,00 euros**.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCEIRO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa da axuda que se concedeu polo AGADER; como queira que:**

- **Tomouse razón na contabilidade** municipal da axuda descrita no encabezamento.
- **Cumpríuse a finalidade** para a que foi concedida a subvención.
- **O Concello non conta con ningunha outra subvención** concedida de calquera orixe e natureza para a mesma finalidade, agás a que se está a xustificar neste expediente
- **Cumpríuse coa normativa** aplicable en materia de **contratos do sector público**, en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; e a actuación conta coas **autorizacións sectoriais esixibles e é conforme có Planeamento urbanístico municipal.**

4º. CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL-LIÑA 2, NO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL" AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA ACTUACIONES DESTINADAS Á MELLORA DA XESTIÓN DOS BIORRESIDUOS. FONDOS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA.(MT975K), ANUALIDADE 2023

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, de data **13.06.2022** (Subvención concedida: **4.243,50 €** (2.121,75 € axuda 2022 e 2.121,75 € axuda 2023) das de axudas para actuacións destinadas á mellora da xestión dos biorresiduos (Fondos de recuperación e resiliencia - **MT975K**) para a execución da actuación chamada **“Adquisición de composteiros domésticos de biorresiduos, con kit e accións formativas para os preceptores dos equipos de compostaxe.**

A seguir, díxese conta da **Factura Núm. A23-63**, de data: **02.10.2023** emitida polo adxudicatario da subministración, **ABERTAL NETWORKS, SL**, por Importe de **2.704,35 €** (dous mil, setecentos catro euros, con trinta e cinco céntimos)

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a factura sunalada e recoñecer a obriga derivada a favor do adxudicatario.

SEGUNDO. Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención de acordo coa seguinte relación clasificada de gastos e investimentos: Adquisición de 15 composteiros domésticos de biorresiduos e 15 kits de compostaxe; e 30 accións formativas aos preceptores dos equipos de compostaxe.

Facer constar expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademais, que na tramitación e contratación das obras **cumpríuse a**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

normativa de aplicación en materia de **contratos do sector público** en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario